

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE 13 PRAZAS, Ó ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

O Concello A Lama solicitou subvención á Deputación de Pontevedra, ao abeiro das *Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 3 – Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*, publicadas no BOPP N° 2 do mércores 3 de xaneiro de 2018, co obxecto de contratar de forma temporal persoas desempregadas para a prestación de servizos mínimos de competencia municipal, de interese xeral e social, segundo a aprobación do Decreto 2018-0058 de data 5 de febreiro de 2018, que aproba a solicitude de subvención por importe de 72.193,80 euros e a “Memoria global das actuacións que se van a desenvolver a través da Liña 3 do Plan Concellos 2018-2019”:

**1. Reparación dos danos sufridos polos temporais en camiños, estradas, espazos de ocio naturais e edificios municipais:**

- 2 Operarios de movemento de terras: 30 horas semanais, 6 meses
- 2 Peóns da construción: 30 horas semanais, 6 meses
- 1 Operario ferreiro-forxador: 30 horas semanais, 6 meses
- 1 Operario da industria metalúrxica: 30 horas semanais, 6 meses

**Retribucións Salariais:**

- Salario Bruto mais prorata paga extra: 686,84 €/mes
- Seguridade Social-Cota patronal: 259,63 €/mes
- Total custe salarial/traballador: 946,47 €/mes

**2. Reforzo das tarefas de limpeza en edificios e locais municipais e edificios públicos**

- 1 Peón operario limpeza: 20 horas semanais, 6 meses

**Retribucións Salariais:**

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

- Salario Bruto mais prograta paga extra: 455,03 €/mes
- Seguridade Social-Cota patronal: 297,93 €/mes
- Total custe salarial/traballador: 752,96 €/mes

### 3. Mantemento, acondicionamento e mellora de espazos públicos

- 4 Peóns forestais: 30 horas semanais, 6 meses

#### Retribucións Salariais:

- Salario Bruto mais prograta paga extra: 686,84 €/mes
- Seguridade Social-Cota patronal: 259,63 €/mes
- Total custe salarial/traballador: 946,47 €/mes

### 4. Mantemento e atención do pavillón municipal e edificio multiusos

- 1 Conserxe: 30 horas semanais, 6 meses

#### Retribucións Salariais:

- Salario Bruto mais prograta paga extra: 686,84 €/mes
- Seguridade Social-Cota patronal: 220,48 €/mes
- Total custe salarial/traballador: 907,32 €/mes

### 5. Reforzo do departamento que desenvolve tarefas administrativas

- 1 Auxiliar administrativo: 30 horas semanais, 6 meses

#### Retribucións Salariais:

- Salario Bruto mais prograta paga extra: 686,84 €/mes
- Seguridade Social-Cota patronal: 220,48 €/mes
- Total custe salarial/traballador: 907,32 €/mes

A Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2018 adoptou o seguinte acordo: Concesión de subvención ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, correspondente á Liña 3 – Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais:

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración	Importe concedido
A LAMA	13	6 Operarios de movemento de terras, 4 peóns forestais, 1 conserxe e 1 auxiliar administrativo en xornada de 30 horas semanais durante 6 meses; 1 operario de limpeza en xornada de 20 horas semanais durante 6 meses.	72.193,80

Detectado erro na Resolución aprobada pola Deputación de Pontevedra en data 23/02/18, no que respecta ao obxecto da subvención, este Concello solicita á Deputación de Pontevedra a subsanación de dito erro, e con data 16 de marzo de 2018 a Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria adoptou o seguinte acordo: Concesión de subvención ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, correspondente á Liña 3 - Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais:

Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración	Importe concedido
A LAMA	13	2 Operarios de movemento de terras, 2 Peóns da construción, 1 Operario ferreiro-forxador, 1 Operario da industria metalúrxica, 4 peóns forestais, 1 conserxe e 1 auxiliar administrativo en xornada de 30 horas semanais durante 6 meses; 1 operario de limpeza en xornada de 20 horas semanais durante 6 meses.	72.193,80

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas, e establece-los criterios para a súa selección, respectando en todo momento o establecido na Base Oitava (Finalidades Subvencionables) das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 3:

*“ Os traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.*

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

*Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán ós traballadores que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ós postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.*

*Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do Concello solicitante.*

*O concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación; tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención: para a selección daráselle preferencia por esta orde ós seguintes criterios:*

- a. As vítimas de violencia de xénero.*
- b. Ás persoas candidatas maiores de 45 anos.*
- c. Ás persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo.*
- d. Ás persoas candidatas con niveis de renda mais baixa.*
- e. Ás persoas candidatas con cargas familiares."*

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1º. Aproba-la correspondente oferta de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que, reunindo as condicións requiridas, previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida tamén o Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo.

2º. Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, sendo imprescindible te-la categoría referente a cada posto, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

### **BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:**

a) Persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no su caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Para o posto de Auxiliar administrativo, estar en posesión do título de Bacharelato. Tamén será obrigatoria estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

### **BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:**

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

#### **A) Formación especializada: máximo de 1 punto.**

Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo en este último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación coas funcións propias do posto de traballo, ata un máximo de 1 punto, baremado do seguinte modo:

- No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0.05 puntos
- Por xornadas, seminarios ou congresos: 0.05 puntos/xornada, seminario ou congreso.
- Curso de ata 20 horas: 0.10 puntos/curso
- Curso de 21 a 40 horas: 0.15 puntos/curso
- Curso de 41 a 100 horas: 0.20 puntos/curso
- Curso de 101 a 250 horas: 0.25 puntos/curso
- Curso de 251 a 500 horas: 0.35 puntos/curso
- Curso de máis de 500 horas: 0.50 puntos/curso
- Programas formativos de alternancia Formación-Traballo rematados satisfactoriamente (tipo Obradoiros de Emprego ou Escolas-Taller): 1 punto.

B) Coñecemento de galego: máximo 0.50 puntos.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)

- Por estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente: 0.15 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente: 0.25 puntos.
- Por estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente: 0.40 puntos
- Por estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente: 0.50 punto.

ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), establece validacións.

C) Circunstancias persoais:

1. Segundo o dispoñen as *Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 Liña 3 - Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais*, publicadas no BOPP N° 2 do mércores 3 de xaneiro de 2018, para a selección daráselle preferencia por esta orde ós seguintes criterios:

a) Vítimas de violencia de xénero: **3 puntos**

b) Ás persoas candidatas maiores de 45 anos: **2,90 puntos**

c) Ás persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo: **2,80 puntos.**

d) Ás persoas candidatas con niveis de renda mais baixa. Nivel de renda da unidade de convivencia (que inclúe cónxuxe, ou parella de feito fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade), renda per cápita:

- Ata 50% IPREM 2017.....**2,70 Punto**
- ATA 100% IPREM 2017.....**2,50 Puntos**

e) Ás persoas candidatas con cargas familiares (entendéndose por estas ter a cargo da persoa desempregada candidata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as): **máximo 2 puntos (0,5 puntos por cada persoa ó seu cargo**, previa acreditación documental: Libro de Familia, Volante de Convivencia, certificado de imputacións ano 2017).

2. Antigüidade en situación de desemprego: **máximo 1 punto**, sendo a puntuación de **0.50 puntos por cada ano en situación de desemprego**. Acreditarase mediante certificado emitido pola Oficina de Emprego.

### **BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de A Lama, de luns a venres: 09:00-14:00 h.

**O prazo de presentación de solicitudes e documentación remata o 9 de abril de 2018** ( sendo o propio día 9 de abril hábil para presentación das solicitudes e documentación).

#### **Documentación xeral a presentar:**

- ANEXO I Instancia no modelo normalizado
- ANEXO II Declaración responsable do cumprimento dos requisitos
- ANEXO III Declaración de responsabilidades familiares e de ingresos percibidos
- Copia compulsada do DNI en vigor (ou documento que acredite a súa nacionalidade).
- Documento acreditativo da alta como demandante de emprego e dos períodos de inscrición como desempleado emitido pola Oficina de Emprego.
- Para o posto de Auxiliar administrativo, orixinal ou fotocopia compulsada do título de Bacharelato e Orixinal ou fotocopia compulsada do Título do CELGA 4 ou equivalente.

#### **Outra documentación acreditativa para a baremación dos méritos:**

- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, CELGA, etc.)
- Sentencia de separación ou divorcio
- Libro de familia
- Volante de convivencia
- Certificado de imputacións emitido pola Axencia Tributaria correspondente ao ano 2017 do candidato e das persoas ao seu cargo.
- Certificado acreditativo da condición de vítima de violencia de xénero (mediante certificación dos Servizos Sociais da Administración competente ou do centro de acollida, por resolución xudicial, orden de protección, ou informe del Ministerio Fiscal)

### **BASE CUARTA: ENTREVISTA :**

Finalizada a fase de valoración dos méritos acreditados polos aspirantes o tribunal celebrará unha entrevista coa finalidade de avalia-las súas capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

Nesta fase de entrevista poderase realizar ós candidatos unha comprobación práctica dos coñecementos nas funcións a desenvolver.

**Esta entrevista valorarase ata un máximo de 3 puntos.**

Os posibles **empates** nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos: terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- As vítimas de violencia de xénero.
- Ás persoas candidatas maiores de 45 anos.
- Ás persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo.
- Ás persoas candidatas con niveis de renda mais baixa.
- Ás persoas candidatas con cargas familiares.”

**A data e hora da entrevista será o día 11 de abril de 2018 distribuídos do seguinte xeito:**

OCUPACIÓN/CATEGORÍA	HORA ENTREVISTA
Peón forestal	09.00 horas
Peón da construción	10.00 horas
Operario ferreiro-forxador	10.30 horas
operario da industria metalúrxica	10.30 horas
Operario de movemento de terras	11.00 horas
Operario de limpeza	11.30 horas
Conserxe	12.00 horas

### **BASE QUINTA: PROCEDIMENTO:**

Os méritos apreciaranse pola Comisión Seleccionadora á vista dos datos alegados e probados mediante a documentación oportuna, polos candidatos, e da entrevista persoal que se lles fará.

Aqueles que obteñan a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos, a entrevista, e a proba práctica de aptitude, serán propostos para a praza.

Tanto a proposta da Comisión Seleccionadora como a ulterior Resolución de Alcaldía serán notificadas ós interesados mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

### **BASE SEXTA: LISTA DE RESERVA:**

1.- Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez de *ata o remate do Servizo*, integrada polos candidatos que,



## CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---

tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a presentación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2.- No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

### **BASE SÉPTIMA: COMISIÓN SELECCIONADORA**

A Comisión Seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

- Presidenta: D<sup>a</sup>. Mónica García Valladares, secretaria-Interventora accidental da Corporación ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - D<sup>a</sup>. Mónica Barreiro Estévez, persoal laboral fixo do Concello A Lama, traballadora social.
  - D. Vanesa Ave González, funcionaria do Concello de Cerdedo-Cotobade, auxiliar administrativo.
  - D<sup>a</sup>. Rosario González Sánchez. Funcionaria do Concello de Fornelos de Montes, traballadora social.
- Secretaria: D<sup>a</sup>. Ana Isabel Rodríguez Queipo, funcionaria do Concello de A Lama, administrativo, ou persoa en quen delegue.

### **BASE OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza
- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

A LAMA, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL

Jorge Canda Martínez

Mónica García Valladares

# CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238. Fax: 986 768 282

---